



RESOLUCIÓN REITORAL DE 19 DE FEBREIRO DE 2020 POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES NOS CONSELLOS DE INSTITUTO UNIVERSITARIO

Ao abeiro do establecido nos Estatutos da Universidade da Coruña e no Regulamento de creación, modificación e supresión dos institutos universitarios de investigación aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 20 de xullo de 2006, e no Regulamento electoral xeral aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016, esta Reitoría resolve convocar eleccións de representantes nos Consellos de Instituto Universitario, segundo as seguintes bases:

A) ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES

Renovación dos/as representantes no Consello de Instituto dos seguintes sectores:

Persoal investigador membro do Instituto con cargo a convocatorias oficiais e do persoal bolseiro e contratado de investigación da UDC.

Estudantes de terceiro ciclo dos programas de doutoramento que organice ou desenvolva o Instituto.

Persoal de administración e servizos adscrito ao Instituto.

Ningún membro dos sinalados no apartado anterior poderá pertencer a máis dun Instituto Universitario, debendo optar, sempre a tales efectos, por aquel Instituto co que teña maior actividade ou afinidade.

B) REQUISITOS E FORMALIDADES PARA PRESENTAR CANDIDATURAS

I) A circunscrición electoral será:

O instituto ao que estiver adscrito o persoal, segundo se relaciona no anexo.

II) Son elixibles en cada sector as persoas electoras que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Presentar a súa candidatura conforme ao artigo 15 do Regulamento electoral xeral.

2.- Ser proclamada candidata pola Comisión Electoral Central de forma definitiva.

III) 1.- As candidaturas presentaranse mediante a instancia electrónica que estará accesible no taboleiro electoral electrónico antes das 14:00 horas do último día do prazo previsto para o efecto.

2.- Poderán presentar a súa candidatura ao Consello de Instituto Universitario as persoas (persoal investigador, persoal bolseiro e contratado de investigación, estudantes de terceiro ciclo e persoal de administración e servizos adscritos ao Instituto) que teñan a condición de elixible por figurar no censo definitivo correspondente.

Código Seguro De Verificación	L7xHL4uwia5NWQFMzvGyZA==		
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	18/02/2020 10:25:28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/L7xHL4uwia5NWQFMzvGyZA==		
		Páxina	1/4





IV) 1.- As candidaturas serán individuais para os efectos de presentación, votación e escrutinio.

2.- As persoas candidatas poderanse agrupar co único obxecto de realizar a campaña electoral. Neste caso, achegarase coa solicitude de cada unha delas a denominación e sigla que represente a agrupación, que se incluírá na papeleta electoral ao lado do nome da persoa candidata.

3.- No caso de coincidencia na denominación ou sigla por parte de dúas ou máis agrupacións distintas, daráselle preferencia á que teña antes a súa entrada no rexistro.

C) DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ELECTORAL

A Secretaría Xeral da Universidade coidará do correcto desenvolvemento da convocatoria electoral e os órganos de goberno dos Institutos Universitario, colaborarán no desenvolvemento e tramitación das eleccións, proporcionarán os locais, medios e asesoramento necesarios para levalas a cabo e velarán pola boa marcha da xornada electoral.

As votacións realizaranse de maneira electrónica ou telemática. A aplicación informática de votación electrónica ou telemática garantirá a emisión do voto persoal nas mesmas condicións de segredo e igualdade que o voto en urna. A mesa electoral deste tipo de votación permanecerá aberta de 11 h a 19 h salvo que emitisen antes o seu voto todas as persoas electoras censadas. As votacións seguirán todo o procedemento exposto no Regulamento electoral xeral da Universidade da Coruña.

D) CALENDARIO ELECTORAL

Elaborado de conformidade co artigo 16 do Regulamento de creación, modificación e supresión dos Institutos Universitarios de Investigación.

1. Convocatoria das eleccións por resolución reitoral

19 de febreiro de 2020 (mércores)

2. Publicación do censo electoral provisorio

20 de febreiro de 2020 (xoves)

3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio

Prazos de presentación: do 21 de febreiro (venres) ao 25 de febreiro de 2020 (martes), até as 14:00 horas

Código Seguro De Verificación	L7xHL4uwia5NWQFMzvGyZA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	18/02/2020 10:25:28
Observacións				Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/L7xHL4uwia5NWQFMzvGyZA==				



Prazos de resolución: do 26 de febreiro (mércores) ao 28 de febreiro de 2020 (venres)

4. Data de publicación do censo definitivo

2 de marzo de 2020 (luns)

5. Prazo de presentación de candidaturas

Do 3 de marzo (martes) ao 6 de marzo de 2020 (venres), até as 14:00 h.

6. Proclamación provisoria de candidaturas

9 de marzo de 2020 (luns)

7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas

Prazos de presentación: do 10 de marzo (martes) ao 11 de marzo de 2020 (mércores), até as 14:00 horas.

Prazos de resolución: do 12 de marzo (xoves) ao 13 de marzo de 2020 (venres)

8. Proclamación definitiva de candidaturas

16 de marzo de 2020 (luns)

9. Campaña electoral

Do 17 de marzo (martes) ao 20 de marzo de 2020(venres)

10. Data da votación

23 de marzo de 2020 (luns)

11. Data de proclamación provisoria de candidatos electos

24 de marzo de 2020 (martes)

12. Prazos de presentación e resolución de recursos, e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria dos candidatos electos

Prazos de presentación: do 25 de marzo (mércores) ao 30 de marzo de 2020 (luns), até as 14:00 horas.

Prazos de resolución: do 31 de marzo (martes) ao 1 de abril de 2020 (mércores)

13. Data da proclamación definitiva de candidatos electos

2 de abril de 2020 (xoves)

Código Seguro De Verificación	L7xHL4uwia5NWQFMzvGyZA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	18/02/2020 10:25:28
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/L7xHL4uwia5NWQFMzvGyZA==		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO: RELACIÓN DE INSTITUTOS UNIVERSITARIOS AFECTADOS POLAS ELECCIÓNS:

INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS EUROPEOS
INSTITUTO UNIVERSITARIO DE MEDIO AMBIENTE
INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS IRLANDESES AMERGIN
INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS MARÍTIMOS

Código Seguro De Verificación	L7xHL4uwia5NWQFMzvGyZA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	18/02/2020 10:25:28
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/L7xHL4uwia5NWQFMzvGyZA==		

